

## Gran resposta á convocatoria de CCOO e UXT fronte ás Big Four por un convenio de consultoría digno!



A Asociación de Empresas de Consultoría (AEC) deu marcha atrás tras a concentración fronte á súa sede o día 12 deste mes e convocou á mesa negociadora do convenio a una nova reunión para o vindeiro luns, 30 de maio. Algo que CCOO considera positivo pero insuficiente.

Imos continuar as mobilizacións ata que retiren a súa proposta de 12 horas de traballo diario e traballar gratis os sábados, entre outras ocorrencias, e por iso, concentrámonos onte xoves, 26 de maio, nas sedes que as catro grandes consultoras, as "Big Four", KPMG, PriceWaterhouseCoopers (PwC), Deloitte e Ernst & Young (EY), teñen repartidas por todo o país.

Mobilizámonos en: Málaga (EY), Sevilla (Deloitte), Santander (PwC), Barcelona (EY), Bilbao (EY), Madrid (EY e Deloitte), Valencia (KPMG e PwC) e na Praza da Escandalera en Oviedo.

A resposta foi **todo un éxito** en todas as cidades. Esperamos que fixese ver á patronal e asociados que os suas plantillas están fartas e que non van parar mentres non se acorden unhas condicións dignas para o sector.

Deben deixar de lado o seu discurso avogando pola "flexibilidade", para aforrar custos explotando aos seus persoais con xornadas maratonianas que lles impiden conciliar vida laboral e social, e investir parte dos miles de millóns de beneficios que obteñen grazas a eles, non o esquezamos, en mellorar as súas condicións laborais.

O calendario de mobilizacións vai continuar ata que se vexa un cambio de actitude real e non se descarta a convocatoria de folga en xuño.

### **ESTA VEZ IDESNOS A ESCOITAR**

Lembra que podes continuar contribuíndo a que retiren a súa proposta asinando esta petición en "Change. org" <https://bit.ly/NOPrecaryTIC>, apúntasche?

E non esquezas darlle máxima difusión en redes sociais #ConvenioTICdigno #NoPrecaryTIC

**CCOO É O TEU SINDICATO AGORA MÁIS QUE NUNCA. [AFÍLIATE!](#)**